



## *Morfoloxía do infinito. Un novo fundamento filosófico para a antropoloxía teolóxica*

Pedro F. Castelao, Comillas Universidade Pontificia. 2023

Podería Deus omnipotente crear unha pedra tan pesada que non fose despois capaz de levantar? Esta pregunta non é unha simple *boutade*; como serias son tamén as dúbidas sobre se Deus existe no tempo ou está fóra do mesmo, se Deus omnisciente coñece o noso obrar de antemán e como pode afectar á nosa liberdade.

Estas son cuestións que se fai o ser humano na reflexión filosófico-teolóxica acerca de como é o noso bo Deus todopoderoso até chegar a cuestionarse por que permite o mal.

Moitas e variadas son as respostas na teodicea, pero case todas teñen en común a identificación da criatura e do mundo coa finitude, constituíndo esta a posibilidade do mal, incluso na eternidade. A liberadora pro-

posta de Pedro Castelao rompe con esa tradición e vai máis lonxe, bastante máis. Vai até o infinito, esa é a súa oferta.

Esta obra que reseño brevemente —polo cal, deficientemente— é o traballo de tese de doutoramento en Filosofía deste profesor de Antropoloxía Teolóxica na Universidade Pontificia de Comillas. É un libro de máis de cincocentas páxinas, pero en ningún momento cae das mans, pois a súa linguaxe rigorosa, académica e literaria é compatible cunha proximidade e facilidade que resulta doado de seguir —difícil virtude nestes campos de estudo—. Penso que está escrito así porque o que nel di está vivido, está sentido; é por iso que o libro non fala coma un libro, fala coma un home, o home que o anima,

que lle dá esa vida –Unamuno ao fondo, non?–.

O texto, atévome a dicir, permite facerse a idea do percorrido intelectual de Castelao, dende a súa posición inicial na *compaña* de Andrés Torres Queiruga, até o descubrimento da intuición do «infinito creado actual» noutro mestre, Manuel Cabada Castro.

Na investigación, Pedro Castelao dialoga non só con clásicos da actualidade, como os arriba citados, senón con autores de todos os tempos que van de Aristóteles a Hegel, pasando por Spinoza, Kant..., sendo a cerna os estudos sobre Blaise Pascal e Georg Cantor.

Pero vou en orde: a obra consta de tres seccións ben definidas precedidas por unha interesantísima introdución, onde o autor expresa a orixe da súa inquedaanza, xustifica o traballo e expón a metodoloxía. Na primeira destas partes, Castelao ocúpase do estudo da finitude e a infinidade en Cabada e Queiruga; na segunda, Blaise Pascal é o protagonista, e a análise céntrase na tensión dialéctica da finitude e da infinidade; Georg Cantor faise presente

na última parte co infinito e a matemática transfinita.

Debullo un pouco este esquema xeral: nesa primeira parte vese como, despois dunha parálise ou marasmo inicial pola disxuntiva entre a concepción do mundo de Queiruga e Cabada, Castelao comeza o seu andar con determinación, cunha forza e seguridade propias dun camiñante avezado e bo coñecedor dos carreiros, barrancos e refuxios.

Como dixen, Manuel Cabada é o que o pon na pista a seguir, a do «infinito creado actual», inspirado en G. Cantor. Este matemático ruso-alemán coida e demostra coa súa investigación que a clásica visión do infinito absoluto fronte á finitude da creación pode ter unha alternativa: a do infinito absoluto a carón do infinito creado. A descrición disto é o contido da terceira parte da tese de Castelao, como se viu, pero dou unhas claves: o descubrimento que fai Cantor dos números transfinitos é a base da posibilidade da existencia de distintos infinitos –aínda que pareza unha contradición–, infinitos de distinta categoría ou xerar-

quía, coa súa propia aritmética. Sirva como exemplo moi ilustrativo o seguinte: o conxunto dos números naturais é infinito, mais no seu interior alberga o infinito dos números pares e o dos impares, dous conxuntos distintos e tamén infinitos. O noso profesor aplícase nesta explicación coa xenerosidade que caracteriza a súa escrita: claridade e fondura.

Pedro Castelao deixa con valentía o inmenso continxente dos que entenden a creación como finitude para ir en solitario tras o ronsel de Cantor a unha nova conquista. E digo en solitario porque tamén difire de Cabada na intelixencia do infinito creado –este dá por suposto que a creación, o mundo, é infinito coma o seu creador–, para Castelao a criatura é unha infinidade creada pero coa provisionalidade finita da súa historia biográfica –co que concorda con Queiruga–.

A segunda parte, a dedicada a Blaise Pascal, constitúe en si mesma unha profunda indagación sobre o polímata francés, que, sen ser este pensador preciso aínda nun «infinito creado», xa o intúe *no seu cora-*

*zón*; en fin, un auténtico estímulo para unha lectura detida.

Pecha o traballo un apéndice que é un diálogo con Enmanuel Falqué con motivo do seu libro *Metamorfosis de la finitud*, mais antes, no nuclear da tese, hai unha conclusión xeral, que xunto coas parciais ao remate de cada sección fai todo tan claro, e *pedagógico* –a profesión vai por dentro, permítaseme o xogo de palabras– que só se pode agradecer.

Por outra banda, non se pode obviar o inmenso aparato crítico que achega, sexa en forma de comentarios, citas ou referencias bibliográficas; a súa riqueza e precisión é tal que ben se podería tratar dunha obra paralela á principal.

Remato xa esta celebración; si, así entendo eu esta última publicación de Pedro Castelao, porque, en conclusión, é unha nova vía a desenvolver na antropoloxía teolóxica, unha vía que entende que fronte ao modelo clásico é posible pensar o mundo como infinito creado en virtude, non da infinidade absoluta do axente divino –como a pode entender Cabada– senón do infinito amor de Deus, así o

cre Castelao; non só o cre, argumentáoa neses relucents centenas de páxinas que semellan sorrisos de esperanza nunha vida que non espera o consolo dun sol, vento, mar ou voz futu-

ros, senón que abre, ofrece, un mundo, para cada un de nós, xa infinito en Deus, xa infinito no Amor.

**Tito Suárez Pérez**